

CONTRA A CRISE E A POBREZA

POLÍTICAS PÚBLICAS, SALARIOS E PENSÍONS DIGNAS


Vivimos unha crítica situación ante a brutal ofensiva do capital e do belicismo, da OTAN e da guerra como sistema de explotación e dominación aos pobos e ás clases populares.

A grave carestía da vida, xa presente desde antes da guerra mais agravada desde o seu inicio, está acelerando o aumento das desigualdades e da pobreza.

A inflación está descontrolada, os prezos da electricidade e dos combustíbeis non baixan e os produtos de primeira necesidade soben a prezos desorbitados.

Estamos nunha situación económica e social extrema que está a ter un impacto brutal, nunha Galiza con importantes sectores produtivos e comarcas enteiras agonizando, con cada vez menos emprego e industria, con máis emigración e con máis poboación avellentada.

Confírmanse a insuficiencia das medidas do chamado Plan de Resposta Económica á Guerra e as nefastas actuacións do Goberno galego. A isto hai que engadir a aprobación dun duro paquete de reformas para satisfacer as inxustas exixencias da UE e acceder a uns envelenados fondos europeos que están a hipotecar o noso futuro.



Manifestación



*Escanea o código QR

29 de novembro: Burela

Praza da Mariña, ás 19,00h.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com